

INSTRUCCIÓN IMPORTANTE PARA O CURSO 2024-25

ENTRADAS:

- Educación Infantil (09:20h)

- O familiar que acompañe ao alumnado non transportado en autobús acompañarao ata a escalinata da porta de entrada ao edificio, onde o persoal do colexio o recibirá e o guiará ás súas aulas.

- Educación Primaria (09:30)

- A familia do alumnado non transportado poderá acompañar ao seu fillo ou filla ata o patio cuberto.
- Cando toque o timbre ás 09:30h accederán ás aulas.

- Comúns a todas as etapas:

- Poderase acceder polas entradas do aparcamento de familias (detrás do ximnasio) e pola porta xunto ao pavillón Ezequiel Mosquera.
- Non se poderá acceder nin con vehículos, nin con animais de compañía, nin camiñando polo portalón principal, por onde entran os coches do persoal do centro e os autobuses.
- Se unha familia ten que falar con algún profesor/a deberá solicitar unha cita, pois non podemos recibir a ninguén nos horarios de entrada, cambio de clases, recreos e saídas.
- Se por algún motivo unha familia ten que vir recoller ao seu fillo/a durante o horario lectivo, ten que facelo pola porta principal, tocar o timbre e agardar diante da conserxería.
- O alumnado que chega ao centro no transporte escolar vai acceder sempre ao recinto escolar pola porta do patio cuberto.

SAÍDAS:

- Todas as etapas:

- As saídas do alumnado que non utilice o servizo de comedor será como todos os anos, ás 14:20h para Educación Infantil e ás 14:30h para Educación Primaria.
- As portas de acceso para recollelos son as mesmas que para as entradas (abriranse ás 14:15h)
- O alumnado que utiliza o servizo de transporte terá o mesmo horario de saída que o curso pasado, todos os días ás 16:00h.
- Retomamos este curso o servizo de biblioteca polas tardes co seguinte horario:
 - Luns, mércores, xoves e venres de 16:00h a 18:00h.
 - As familias do alumnado que vaia a quedar na biblioteca, deberán avisar con antelación por correo electrónico (ceip.ramalloso@edu.xunta.gal), xa que o espazo ten un aforo limitado.
 - Martes **NON hai servizo de biblioteca**. As familias que teñan titoría cos/as mestres/as se non teñen a posibilidade de deixar aos seus fillos/as na casa, deberán levalos á reunión.
 - Lembra que as familias que necesiten un servizo de conciliación, teñen á súa disposición o TeoCoida (poden solicitalo no Concello de Teo).

TITORÍAS:

- As titorías coas familias haberá que solicitalas coma sempre e acordarse un día e hora para o contacto.
- Serán os martes de 16:00h. a 17:00h.

MERENDAS E ANIVERSARIOS

- Este ano temos que desenvolver o "Plan de actividades físicas e hábitos saudables". Dentro deste plan, unha das actividades que realizaremos será fomentar unhas "Merendas Saudables".
- Por iso, pedímosvos que nas celebracións dos aniversarios non mandedes "chucherías". No caso de querer traer algo, mellor un biscoito/galletas (nunca feito na casa, ten que ser mercado e con ticket)
- Nas merendas do día a día evitar lambonadas e mellor traer froita, lácteos, galletas, bocadillos,....

SOBRE O MATERIAL PERSOAL:

- É preciso que o material persoal veña identificado co nome da alumna ou do alumno: mochilas, estoxos, regras, caixas, instrumentos...
- **Ademais as prendas de roupa de abrigo (chubasqueiros, chaquetas...) tamén deberían ter identificación co nome e curso pois non poderemos almacenar no baúl de roupa extraviada ningunha prenda, co risco de perda definitiva.**

Grazas.

O Equipo Directivo